

Recurso nº 114/2019**Resolución nº 111/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 21 de maio de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por ALQUI-ENVÁS, S.L. contra a exclusión da súa oferta para o lote 1 da contratación, polo Concello de Arteixo, dunha subministración de colectores e compostadores para a implementación de diversas liñas estratéxicas do plan municipal de residuos, expediente 2018/C0005/000004, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello de Arteixo convocouse a licitación do contrato subministración de colectores e compostadores para a implementación de diversas liñas estratéxicas do plan municipal de residuos, expediente 2018/C0005/000004, cun valor estimado declarado de 92.148,76 euros, integrado por dous lotes.

Segundo.- O 06.05.2019 ALQUI-ENVÁS S.L. interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia, con enlaces na web deste Tribunal.

Terceiro.- Recibido o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e examinado tal expediente administrativo, ao estarmos nun suposto do artigo 55 LCSP procedeu ditar a presente Resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- Para esta licitación o valor estimado é de 92.148,76 euros, constando ademais dita cuantificación na publicidade desa licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

O artigo 44.1 LCSP establece que serán susceptibles de recurso especial os actos e decisións enumerados no seu apartado segundo, cando se refiran aos contratos que relaciona e que, polo que aquí afecta, cun limiar de valor estimado superior aos 100.000 euros para os contratos de subministración (art. 44.1.a).

Dado que esta ten un valor estimado de 92.148,76 euros euros non cabe recurso especial por non acadar o limiar susceptible de recurso, polo que procede a súa inadmisión. Así, o artigo 55 LCSP establece que o órgano encargado de resolver o recurso, tras a reclamación e exame do expediente administrativo, poderá declarar a súa inadmisión cando constar de modo inequívoco e manifesto calquera dos supostos dese precepto, entre os cales, na letra c) está o de *“A interposición do recurso contra actos non susceptibles de impugnación, de conformidade co disposto no artigo 44”*.

En todo caso, en virtude do previsto no artigo 115.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas procede remitir o escrito de recurso ao órgano de contratación ao obxecto de que se proceda, no seu caso, á súa tramitación como recurso administrativo, de acordo co previsto no Capítulo II do Título V desa Lei, tendo en conta o disposto ao respecto no artigo 44.6 LCSP.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por ALQUI-ENVÁS, S.L. contra a exclusión da súa oferta para o lote 1 dunha subministración de colectores e compostadores para a implementación de diversas liñas estratéxicas do plan municipal de residuos, expediente 2018/C0005/000004 do Concello de Arteixo.

2. Remitir o escrito de recurso á Administración contratante ao obxecto de que proceda, no seu caso e se procede, á súa tramitación como recurso administrativo, de acordo co previsto no Capítulo II do Título V da LPACAP.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.